

A PALABRA XUSTA

Dirección Miguel Piñeiro **Ano** 2016 **Duración** 71 min. **Fotografía** Alfredo Pérez Sánchez **Música orixinal** Nani García **Dirección de produción** Ana Bouzas **Produción executiva** Miguel Piñeiro, Carme Varela, Fernando Alfonsín **Produtora** Atlantis Multimedia **Coa colaboración especial de** Javier Gutiérrez, Rebeca Montero

Sinopse *A palabra xusta* é un xogo inventado por unha mestra para o seu alumnado. Consiste en escribir nun pequeno papel e do xeito máis sintético posible ao remate de cada clase o aprendido na aula, preferiblemente nunha soa palabra, para despois colocar todas as respostas na parede e colectivamente escoller a mellor: *a palabra xusta*.

Antía Cal Vázquez —Tita, na aula— ten 95 lúcidos anos e desde a distancia mira aquel tempo —1961— no que fundou un colexio —o Rosalía de Castro, en Vigo— e puxo en marcha unha das máis singulares experiencias pedagóxicas da súa contorna.

Ante a cámara, Tita vai debullando os seus recordos, os seus pensamentos, a súas emocións. Antía Cal procura para nós *a palabra xusta* para contarnos as súas orixes, a súa infancia, o despertar da súa vocación, o desexo de saber, a súa loita para poder estudar, o seu encontro cunha universidade ancorada no pasado, a chegada do grande amor da súa vida ou a fundación dunha escola que rachou co establecido; para contarnos todo canto a conformou como muller, como mestra e como pedagoga.

A palabra xusta é un filme apto para todos os públicos e especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero.

MAIO, MES DA LINGUA 2018 #2

Mércores 23 | Casa das Campás | 20:00 h

Contrafaces (Fon Cortizo, 2015)

www.facebook.com/cineclubepontevedra cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo <https://www.facebook.com/SNLCancellodePontevedra/>

MAIO, MES DA LINGUA 2018 #1
[Martes 15 • 20:00 h • Casa das Campás]



A PALABRA XUSTA

MIGUEL PIÑEIRO

«COA HISTORIA DE TITA ERA MOI FÁCIL MONTAR UN PANFLETO, PERO NÓS QUERIAMOS PLASMAR A ESENCIA DELA»

A casa, pechada mais chea de recordos, é moi importante no documental: **metáfora dunha «vida tan silenciosa como frutífera»**. A casa ten tres partes. A do centro, que é onde traballamos, correspóndese coa súa orixe, do século XIX. Os obxectos que aparecen —os baúis, a documentación...— estaban alí gardados. A través da casa, Tita podía falar das distintas xeracións que a habitaron: os bisavós, os avós, os pais, ela no século XX e ela no presente. Todo o que retratamos estaba alí: non hai intervención de arte.

Definen *A palabra xusta* como unha viaxe a través da memoria das cousas, dos obxectos como memoria sensorial. Era o método sensorial o que lle interesaba a Tita nas súas aulas... Tivemos trece días de rodaxe: sete conversando con Tita e o resto gravando. Todo o que tiña que ver coa memoria sensorial tiña que aparecer. Tita fundou un colexio cun método pedagóxico moi avanzado para a época, pero quen é ela? Iso é o que queríamos contar partindo dos obxectos da casa: a súa traxectoria. A través da casa van aparecendo as persoas da súa vida, o contexto que a fixo como é. E é a importancia da memoria sensorial o que nos mostra a propia casa. Ela chega de Cuba con oito anos e fálanos das sensacións que tivo ao chegar. A experiencia da casa, o territorio... dá-lle credibilidade visual á película. O que queremos é que a película sexa tamén unha experiencia sensorial para o público.

O lugar é Muras, e é Cuba, de onde voltou ela coa familia mentres o pai quedaba alá. Cuba aparece a través das fotos, os baúis... E eu creo que a casa tamén ten algo de Cuba: as cores descascadas... Os obxectos viñeran da Habana, dunha casa na que había cousas, na que había certos medios económicos. É Cuba, e é Muras, e é un lenzo de texturas, de formas, de sons... Tita vive en Muras con nove anos, despois de chegar da Habana, dunha cidade na que había cine, teléfono... Chegar a Muras tivo que ser un choque forte, polo contraste. Chegar a esa paisaxe, coa súa dureza, coa súa beleza, co seu silencio demográfico: con tan pouca xente. Aínda así, a casa era un mesón, entón tería bastante movemento...

Tita ten claro que quere estudar e gañar o seu propio diñeiro. Ten que loitar por estudar sendo muller... É unha muller feminista, aínda sen sabelo, desde nena... Ela rebélase desde o primeiro momento. O pai, ao principio, non está por que ela estude, porque é muller. Pero acaba dicíndolle que pode estudar Comercio. Despois estuda Maxisterio e, finalmente, Xeografía. Ten o apoio da nai. E ten a tía, a avoa, a Antón... Mais ela xa desde nena ten os referentes das curmáns de Cuba, que son universitarias, mulleres libres e independentes, con ambicións. A situación das mulleres en Cuba e aquí era moi diferente.

Do colexio Rosalía de Castro podían contar moitas cousas. Antía fala de escola mixta, de aulas en castelán e en inglés, de método sensorial, unha das aulas chamábase Montessori... Que quixeron salientar da escola? É moi importante o tema da aposta que ela tiña por educar na escola desde os dous/tres anos. É significativa esa anécdota que conta dunha señora da burguesía de Vigo que lle di que escoitou que creara unha escola para educar os nenos e as nenas desde que os paría a súa nai. E ela respóndelle que iso aínda non, pero que todo se andaría. Iso é un primeiro indicador de que era unha escola diferente e avanzada. Despois, queríamos salientar a necesidade que ela tivo de crear a escola. Non só por unha cuestión laboral. Era a súa inquietude.

A viaxe que Antón e ela fixeron por Europa foi decisiva. En Xenebra contacta coa xente que estaba a traballar co legado de Pestalozzi, o pedagogo. Ir a Europa foi realmente o golpe que o cambiou todo. Tita estudaba moito, estaba ao tanto dos métodos de renovación pedagóxica ingleses... Viaxar a Europa tamén foi decisivo para Antón, que antes de morrer, con cincuenta e tres anos, xa tiña máis de cincuenta publicacións, doce patentes internacionais...

Pode chocar que non se fale máis dos problemas que puido ter co réxime franquista: unha escola moi moderna nun país no que mataran un monte de mestres por ter ideas avanzadas. É que coa historia de Tita era moi fácil montar un panfleto, pero o que queríamos era plasmar a esencia dela, xogando ao seu xogo: contar o importante co menor número de palabras posible. Penso que co que conta do inspector que vai á escola e lle di «Deus a colla confesada» xa queda claro o que pasou. Claro que tería moitos problemas: era unha escola mixta, en castelán e inglés, traballaba os sábados...

Unha das aulas chamábase Alexandre Bóveda... Supoño que tivo que ter moita man esquerda para lidar co réxime. Pero hai outro factor que, se cadra, axudou a que a escola continuase. Alí estudaban fillos da sociedade industrial viguesa, da burguesía. De feito, ela perde interese na escola cando xa non hai cartos para axudar o alumnado procedente de familias sen recursos.

Foi difícil a rodaxe? Foi un traballo coa súa memoria, coas súas emocións... Non podía ser unha conversa moi guiada... E iso fai máis difícil a montaxe e o guión, a partir de tanta información. Mais foi unha experiencia moi boa e ademais eu creo que é unha mostra desa sociedade civil anónima que temos en Galicia que, se se lle deixa falar, ten moito que contar.

Dopico, M. (30.12.2016). Coa historia de Tita era moi fácil montar un panfleto, pero nós queríamos plasmar a esencia dela. *Praza Pública*. [Data de consulta: 22/3/2018]. Recuperado de: <http://praza.gal/cultura/13360/coa-historia-de-tita-era-moi-facil-montar-un-panfleto-pero-nos-queriamos-plasmar-a-esencia-dela/>.